

San Tirso de Manduas é unha das parroquias con maior densidade de poboación do territorio de Silleda. Conta cun total de 15 lugares dos que destaca polo seu tamaño a vila de Bandeira, segundo núcleo urbano do Concello.

A igrexa e o cemiterio parroquial de San Tirso de Manduas están situados ao pé da Estrada PO-204 (Bandeira – Merza) a 1.400 metros do centro do casco urbano de A Bandeira, e a ela acoden a cotío fieis, tanto aos actos litúrxicos, como a visitar aos seus falecidos, camiñando ao carón do viario autonómico.

A PO-204, dispón, dende o casco urbano e nos seus primeiros 800 metros de beirarrúas e zonas de aparcadoiro, polo que a circulación peonil é segura, pero os 600 metros restantes, ata chegar ao templo, non teñen nin tan sequera arcéns delimitados, o que obriga aos peóns a camiñar nunha situación que ten un alto risco para a súa seguridade.

É de destacar o agravante de que esta estrada autonómica, ademais de soportar o tráfico rodado que vai a Vila de Cruces, tamén soporta o tránsito de entre 125 e 175 camións diarios que proveñen das explotacións mineiras de Campomarzo e Mibasa así como do vertedoiro de inertes de Silleda, situado nas proximidades.

Esta intensidade circulatoria increméntase ademais, por ser esta vía paso obrigado para visitar os nosos mellores recursos naturais e arquitectónicos, as fervenzas do Toxa e o Mosteiro de Carboeiro, dous enclaves turísticos que contabilizan máis de 10.000 visitantes en épocas estivais.

É evidente logo que os peóns que circulan por esta vía corren un serio risco para a súa seguridade ao facelo por unha vía cun elevado grao de circulación de automóbiles e de vehículos pesado, sen nin tan sequera dispoñer dunha beiravía habilitada.

Agrava a situación ademais, un dato que a ninguén se lle pode escapar, e é que a maioría dos viandantes que acoden a diario aos actos relixiosos son persoas de idades avanzadas, polo que os seus reflexos non garanten axeitadamente unha resposta axeitada nunha situación de risco. E común ver como camións de gran tonelaxe crúzanse invadindo sistematicamente o arcén porque o ancho da vía os obriga invadindo a zona de circulación, ou como o propio rebufo que xenera a circulación de estes vehículos pesados chegou a tirar ao chán a mais dunha persoa.

Esta situación non pode mais que corrírse antes de que lamentablemente teñamos que chorar unha perda humana, e a pesares de que dende xa fai meses está contratada a súa execución, as obras na zona aínda non comezaron.

Ademais de iso, nos últimos días, asistimos atónitos a informacións reflectidas nos medios de comunicación nas que se indica que as obras previstas na estrada PO 204 terán un serio recorte económico sen clarificarse, se este recorte, pode chegar a afectar a construción de estas sendas tan necesarias. Por iso esiximos unha clarificación de esta situación e a garantía da Xunta de Galicia de que estas Sendas iniciaranse de inmediato

Son xa moitos os anos de reivindicacións veciñais e de compromisos políticos que non se reflicten na mellora de esta situación e os veciños e veciñas da parroquia de Manduas queremos resultados e os queremos xa.

Por elo, todos e todas os abaixo asinantes, representantes das asociacións maioritarias da parroquia de Manduas, SOLICITAN :

**O INICIO INMEDIATO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DAS SENDAS DE MANDUAS, CONTRATADAS POLA XUNTA DE GALICIA, AO ABEIRO DO PROXECTO DE MELLORA DA ESTRADA PO204 BANDEIRA – VILA DE CRUCES**

Asociación de Veciños de Manduas AVEMA      Asociación Sociocultural Vista Alegre

Banda Recreativa e Cultural de Bandeira      Asociación dos Amigos da Empanada

Sociedade Deportiva Bandeira      Sociedade Deportiva Petanca de Bandeira

Grupo de baile Xirandola      Grupo de Baile Fortín da Pomba

Asociación do Entroido de Bandeira

**PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA  
CONSELLEIRO DE INFRAESTRUCTURAS, TERRITORIO E MEDIOAMBIENTE**